

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

DATA 2 de agosto de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLAN

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSARIO GONZALEZ PACIOS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 do día 2 de agosto de 2017 reúnense en segunda convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 5 de xullo de 2017, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mercedes Nieto Casal en representación de MERCHI NIETO S.L. para instalación de rótulo de banderola na Rúa Arcebispo Lago nº 6, baixo (Ref. Cat. 9261504NH1196S0007AM).

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 319/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Luis Abel Fernández López en representación de COM. PROP. EDIFICIO RIBAINSA VILLAGARCÍA, para reparación de pilares de edificio na Avd. Rosalía de Castro nº 121 (Ref. Cat. 8978301NH1187N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 350/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Josefa Paz Paz, para arranxo de tellado de galpón na Rúa Mestres Trigo e Pazos nº 4, Sobrán (Ref. Cat. 6524310NH1162S0001BY).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 413/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Cristina Quintela Gallego, para reforma de baños en vivenda situada na rúa do Parque nº 1 – 4º C (Ref. Cat. 8951416NH1185S0029MK).

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 420/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Antonio Rodríguez Hevia, para obras de renovación interior de piso na Avda. Dr. Tourón nº 44 – 3º B (Ref. Cat. 9156011NH1195N0013TQ).

En calquera caso, respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contar coa autorización da Comunidade de Propietarios.

As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 421/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana González Vidal, para reforma de baño en vivenda na rúa Vista Alegre nº 10 – 3º D (Ref. Cat. 9057024NH1195N0018ZY).

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 426/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Agustín Caneda Figueiras en representación da COM. PROP. DOCTOR TOURÓN 14, para obras de acondicionamento de fachadas en edificio situado na Avda. Dr. Tourón nº 14 (Ref. Cat. 9358004NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 427/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a del Carmen Suárez Rubianes en representación da COM. PROP. MATOSINHOS 11, para obras de drenaxe perimetral de edificio na Avda. Matosinhos nº 11 (Ref. Cat. 9254111NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Se houbese actuación sobre vía pública (enganche saneamento ou conexión con arquetas públicas) deberá tramitar a correspondente licenza.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 433/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Santorum Viñas en representación de NEUS J. SANTORUM S.L., para obras de conservación e mantemento do muro existente na rúa do Buído nº 12, Sobradelo (Ref. Cat. 8554401NH1185S0001OL).

En calquera caso, respectaranse as servidumes que existan.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 437/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Wilson F. Milar en representación da VICOSA IBÉRICA DE ELECTRODOMÉSTICOS S.A., para obras de adecuación interior de local comercial na Avd. Xoán Carlos I nº 35, baixo (Ref. Cat. 9863059NH1196S0002OK).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, deberá realizar a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 414/17)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente o desestimento da solicitude de licenza presentada por Dna. Paula Abuín Aboy, con data 6/06/2017, para instalación de mamparas pregables e ancoradas á fachada en Avda. das Carolinas nº 65, baixo, por canto consta no expediente informe da Arquitecta Técnica Municipal de data 20/06/2017 no que se indica que as obras non foron executadas.

Déase traslado ao Departamento de Recadación Municipal a efectos de devolución de ICIO, se procede. (Expte. 222/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Susana Fernández Cuevas, para as obras de acondicionamento de local para tenda de roupa, en Rúa A Baldosa nº 28 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto para apertura de local, da Arquitecta Técnica Dna. Camila Luisa Peña Morais, presentado coa data 29/05/2017 sen visado colexial, debendo axustarse as obras ás indicadas no devandito proxecto (pintado dos paramentos interiores, colocación de pavimento a

base de tarima flotante e rodapie) por canto ao tratarse dun inmovible catalogado, se realiza calquera obra non contemplada no proxecto será necesario solicitar o preceptivo informe á Consellería de Cultura.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

– No caso de que se cumpran as condicións previstas no Real Decreto 1627/1997, deberá proceder a nomearse coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Rematadas as obras de acondicionamento de local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.. (Exp. 32/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Angel Ramón Cordo Otero, para instalación de piscina prefabricada para uso de vivenda unifamiliar na Rúa Canteira nº 3, de conformidade co proxecto técnico asinado polo Arquitecto D. Raimundo Ferreirós Ferro, visado coa data de 22/05/2017.

Consta no expediente Oficio de Dirección de obra e Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde, ambos visados coa data de 22/05/2017, sendo designado o Arquitecto D. Raimundo Ferreirós Ferro.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

– De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. 309/17))

Informar favorablemente a solicitude de D. Pablo Bermúdez Pulleiro, para obras de acondicionamento de local para oficinas de equipos e accesorios para a elaboración de bebidas e procesos industriais, na Rúa Vista alegre nº 48 Bx., de conformidade co proxecto asinado pola Arquitecta Técnica Dna. Fuensanta Barcala Martínez visado coa data de 11/05/2017.

– Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

– No caso de que se cumpran as condicións previstas no Real Decreto 1627/1997, deberá proceder a nomearse coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Rematadas as obras de acondicionamento de local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 279/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Francisco Antonio Carril García, para obras de acondicionamento de local para expendeduría de tabaco na Avda. Dr. Touron nº 20 Bx., de conformidade co proxecto asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Miguel Angel Fariñas Martín, visado coa data de 16/05/2017.

– Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

– No caso de que se cumpran as condicións previstas no Real Decreto 1627/1997, deberá proceder a nomearse coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Rematadas as obras de acondicionamento de local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 280/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Mercedes Nieto Casal, en representación de MERCHI NIETO S.L., para legalización das obras de acondicionamento de local para droguería e perfumería, na Rúa Arc. Lago nº 6 Bx., de conformidade co proxecto asinado polo Arquitecto Técnico D. Salustiano García-Louzao García, visado coa data de 26/05/2017.

Rematadas as obras de acondicionamento de local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 316/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Iago Carrasco Mora, en representación de P&J CARRASCO S.L., para construción de nave para a actividade de almacén para graneis sólidos na Avda. José M. Rivero de Aguilar, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Fernando Palomino Barba, e documentación complementaria achegada. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: OIPA-SGP-PE PORTO
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: nave industrial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 12 m. ao aleiro; 1 m²/m²
4. Orzamento de execución material: 462.381,96 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8758003NH1185N0001GA
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Fernando Palomino Barba

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar:

- Proxecto de execución debidamente visado polo colexio profesional correspondente.
- Oficio de Dirección da Execución das obras.
- Oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde si concorren as circunstancias indicadas no Real Decreto 1627/97.

Non consta abonado o ICIO, polo que deberá darse traslado ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos.

Rematadas as obras construción da nave, achegarase comunicación previa para apertura da instalación de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 241/17)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por D. José M. Remirez de Esparza en representación de PAZO DA GOLPELLEIRA S.L., para instalación de carpa desmontable para uso sociocultural no Pazo da Gorpelleira, na Avda. López Ballesteros nº 20, redactado polos Arquitectos José L. Recuna Cuiña e D. José M^a Fernández Dapena, visado coa data 20/02/2017, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 11 de maio de 2017.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo da a súa conformidade ao devandito proxecto de execución e documentación adxunta. (Expte. 606/13)

ASUNTOS VARIOS

Informar desfavorablemente a solicitude de Dna. Isabel María Conde Carou, para instalación dunha terraza vinculada ao establecemento Café-Bar “VENECIA” situado na Rúa Arcebispo Xelmírez nº 9, bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras considerando a documentación presentada así como o informe técnico desfavorable, posto que se propón a ocupación de vía pública mediante a instalación de veladores nunha zona de aparcamento, e o artigo 13.1 da Ordenanza prohíbe expresamente tal emprazamento. (Exp. T-17/17)

Informar desfavorablemente a solicitude de D. Miguel Ángel Fontán Portas, para instalación dunha terraza vinculada ao establecemento Café-Bar “A PLAZA” situado na Rúa Luchana nº 1 bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras considerando a documentación presentada así como o informe técnico desfavorable, posto que non é posible a ocupación de vía pública mediante a instalación de veladores na fronte do establecemento por ser zona de tránsito de vehículos que saen do casco histórico de Carril, e a zona alternativa que propón na Praza, diante de establecementos comerciais, interfere na actividade destes. (Exp. T-31/17)

Informar desfavorablemente a solicitude de Dña. Mónica Míguez Prado en representación de Panadería Pastelería Míguez S.L., para instalación dunha terraza vinculada ao establecemento "HELADO SECRETO" situado na Rúa Conde Valledano nº 1, bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras considerando a documentación presentada así como o informe técnico desfavorable, posto que a ocupación da vía pública con mesas e cadeiras só será autorizable cando estea vinculada a un establecemento de hostalería con licenza de apertura concedida para o devandito uso (Artigos, 1, 2 e 30 da citada Ordenanza). Non abrangue, polo contrario, a establecementos amparados por licenza para outros usos, como o comercial que posúe este establecemento (Exp. T-40/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Ana Núñez Velásquez en representación de RIOS VELASQUEZ S.C., para ampliación da terraza en 6,5 m², vinculada ao establecemento AS MOREIRAS situado na Rúa Aquilino Iglesias nº 13 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ampliación de terraza para 2 mesas máis (6,5 m²) de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 8 persoas mais.
Acumulando o xa autorizado, sería un total de 18,5 m² para un aforo de 20 persoas, sen mamparas nin parasoles.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concurrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunicaselle que se ten intención de amosar o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e

Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T-14/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Carmen Rodríguez Mariño, para instalación dunha terraza de 23,44 m², e dúas mamparas, vinculada ao establecemento BODEGA O CASTRO, situado na Rúa Vergara nº 1, ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 23,44 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 18 persoas.
- Instalación de dúas mamparas.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunícaselle que se ten intención de amosar o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 18/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Elizabeth González Raffo, para instalación dunha terraza de 22,50 m², vinculada ao establecemento CAPRICHOS situado na Pza. da Independencia- Rúa Gumersindo Nartallo 12, ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe

técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 22,50 . m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 22 persoas.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 23/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Paula Abuin Aboy, para instalación de dúas mamparas móbiles para a terraza vinculada ao establecemento NOVAS CAROLINAS situado na Avda. As Carolinas nº 65 Bx. ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento. (Expt. T- 30/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Angela Gil Villaverde, para instalación dunha terraza de 13,50 m², vinculada ao establecemento CHAMPIONS VILAGARCIA situado na Avda. A Mariña nº 80 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 13,50 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 24 persoas, ocupando a fachada do establecemento sin superar a canle sumidoiro que percorre a beirarrúa. Non solicita nin mamparas nin parasoles.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
 - Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
 - O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
 - Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
 - Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
 - Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
 - Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 1/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Jorge Miguez Paz, para instalación dunha terraza de 13 m², 2 parasoles, e 2 m² para almacenamento mobiliario, vinculada ao establecemento BAR SUIZO situado na Rúa a Baldosa nº 23 bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 13 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 24. persoas.
 - Instalación de 2 parasoles
 - Ocupación de 2 m² de vía pública para almacenamento de mobiliario en horario nocturno.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
 - Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunícaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 30/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Lucas Matías González Gallego, para instalación dunha terraza de 35,20 m², e 2 mamparas, vinculada ao establecemento MADIA LEVA, situado na Rúa Camilo José Cela nº 7 bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 35,20 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo máximo de 40 persoas. Deberase estremar o celo de non ocupar máis do autorizado nos veladores de dúas prazas, xa que de ocupalos máis persoas invadiría o itinerario peonil.
 - Dúas mamparas móbiles.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
 - Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
 - O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
 - Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunícaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 32/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Francisco Javier Carrera del Barrio, para instalación dunha terraza de 43,20 m², e 4 parasoles, vinculada ao establecemento MAREBELLO situado na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 10 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 43,20 . m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 48 persoas.
 - Instalación de 4 parasoles.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
 - Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
 - O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
 - Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
 - Comunícaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
 - Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
 - Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 33/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Ramón Parada López, para instalación dunha terraza de 45,92 m², 4 mamparas e parasoles, vinculada ao establecemento LA PEPITA situado na Pza. Ravella nº 11 bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- O interesado propon dúas configuracións de terraza, para inverno e verán. O informe técnico afecta á maior delas, con independencia de que se poidan instalar menos elementos e menos superficie cando lle interese.
 - Ocupación de 45,92 m² de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo máximo de 36 persoas.
 - Instalación de 4 mamparas móbiles e parasoles.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunícaselle que se ten intención de amosar o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 36/17)

Con data 26/05/2017 D. Carlos Manzano Sabas, en representación de HELA GALICIA S.L., presenta Recurso de Reposición contra Resolución de alcaldía de data 21/04/2017 pola que se acorda denegar licenza para ocupación de espazos públicos con mesas e cadeiras cunha terraza vinculada ao establecemento "SMÓOY" na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 23 bx.

Visto o informe técnico emitido ao respecto no que se dí textualmente:

“..... O interesado recurrente fundamenta en que a ordenanza de terrazas non enumera as actividades propias de hostalería e considera que a venda de xeados debe ser considerada como tal.

INFORME:

A Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (en diante Ordenanza de Terrazas ou simplemente a ordenanza) promulgouse có obxecto de regular as autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas sempre que constitúan complemento dos establecementos de hostalería debidamente autorizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

O Título Segundo da ordenanza establece o Réxime Xurídico da autorización e aclara que o empresario de hostalería non ostenta un dereito preexistente para a súa obtención ou renovación e que o simple cumprimento dos requisitos citados nesta ordenanza non outorgan dereito algún sobre a utilización dos espazos de uso público. Trátase, por tanto, dun acto discrecional no que o concello valorará a súa procedencia en función das características específicas de cada ubicación e superficie solicitada.

O artigo 3 da ordenanza, citado parcialmente no recurso, define Terraza como “toda a instalación que implique o uso temporal dunha zona de chan de uso público, con destino a aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalería, mediante a colocación de mesas, cadeiras, antucas, e outros elementos auxiliares móbiles, como extensión da actividade que se exerce nos establecementos.”

Esa última frase, que o recurrente omite no seu escrito, é clarificadora dos establecementos ós que vai destinada a ordenanza; son aqueles que tendo xa autorizada unha actividade de atención o público con mesas e cadeiras no interior do establecemento solicitan a extensión de tal servizo ao espacio público ó que da fronte. Non se refire por tanto aos establecementos con licenza de actividade comercial por máis que os produtos que expendan sexan de alimentación.

Certamente hai moitos negocios neste concello que teñen licenza para venda de produtos de alimentación tanto empaquetados como de produción propia; tal é o caso das panaderías, pastelerías, tendas de doces e golosinas e por suposto as propias xeadas e pizzerías, etc. Destes tipos de negocios citados hainos que teñen unha licenza comercial –e dicir meramente expendedora de produtos– e outras teñen unha licenza de establecemento sociocultural de pública concurrencia. De feito hai pizzerías, hamburgueserías, panaderías, pastelerías, etc..., que teñen tramitada licencia de cafetería ou restaurante e outras que, comercializando produtos similares, teñen licenza comercial de venta minorista sen consumo no interior.

A maior abundamento do tipo de locais ó que vai dirixida debemos sinalar que o artigo 17 da ordenanza, na que se regulan os horarios de instalación, dí textualmente “establécense dúas categorías de establecementos hostaleiros, os establecementos en xeral (bares, cafeterías, restaurantes,..) e os bares especiais (pubs, discotecas ...”). Aclara por tanto a que establecementos afecta esta ordenanza.

Como consecuencia do exposto nos parágrafos anteriores considero que queda suficientemente claro o concepto de establecemento hostaleiro para os efectos de aplicación da ordenanza de terrazas, polo tanto, ratifico o informe técnico de 8 de marzo e informo DESFAVORABLEMENTE o presente recurso de reposición.”

Por outra banda o informe xurídico emitido di:

“.....I-Antecedentes:

O recurso de reposición interposto por D. Carlos Manzano Sabas ven referido ao expediente T-18/17 para instalación de terraza, polo que é necesario referir os antecedentes máis relevantes do devandito expediente, e así:

➤ **EXPEDIENTE DE INSTALACIÓN DE TERRAZA T-18/17.**

- *En data 3.03.2017 (R.E Nº 2477) tivo entrada no Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa solicitude de licenza para instalación de terraza na Rúa Rey Daviña, nº 23-baixo vinculada o establecemento comercial SMÖOY. A licenza foi solicitada por D. Carlos Manzano, actuando en nome e representación de HELA GALICIA, S.L por ser esa última mercantil a titular da licenza de apertura do establecemento SMÖOY.*
- *Consta no expediente administrativo copia da licenza de apertura outorgada por Resolución de Alcaldía de data 23.10.2012 para a actividade de comercio polo miúdo de xeados na Rúa Alcalde Rey Daviña, nº 23-baixo.*
- *En data 8.03.2017, a vista da solicitude de licenza presentada, emitíuse informe polo Arquitecto Municipal no que se informa desfavorablemente a solicitude presentada para instalación de terraza ao entender, en resumo, que non se cumpren as condicións indicadas na Ordenanza Reguladora da Ocupación de Espazos de Uso Público con mesas e cadeiras, por canto o establecemento SMÖOY ten un uso comercial e non hostaleiro, requisito indispensable para poder solicitar a licenza para colocación de terraza.*
- *En data 9.03.2017 emitíuse proposta de resolución nos termos indicados polo informe técnico de data 8.03.2017.*
- *En data 15.03.2017 polo Consello de Xerencia acordouse informar favorablemente a proposta de denegación da licenza para instalación de terraza vinculada o establecemento SMÖOY de conformidade co sinalado no informe técnico de data 8.03.2017 e na proposta de Resolución de data 9.03.2017.*
- *En data 21.04.2017 por Resolución de Alcaldía acordouse denegar a licenza solicitada por D. Carlos Manzano Saba, actuando en nome e representación de HELA GALICIA, S.L para ocupación de vía pública con mesas e cadeiras cunha terraza vinculada ao establecemento denominado “SMÖOY” situado na Rúa Alcalde Rey Daviña, nº 23-baixo. Resolución que foi debidamente notificada en data 2.05.2017 segundo consta acreditado no expediente administrativo.*
- *En data 6.06.2017 (r.e.nº 2017007131) tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello recurso de reposición interposto en data 26.05.2017 por D. Carlos Manzano Sabas, en nome e representación de HELA GALICIA, S.L, ante o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.*
- *En data 17.07.2017 polo Arquitecto Municipal emitíuse informe ao respecto do recurso de reposición presentado.*

II- Normativa aplicable:

- *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 31 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*
- *Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.*
- *artigo 9 e seguintes do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.*
- *Plan Xeral de Ordenación municipal de Vilagarcía de Arousa.*

- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- *Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación Local de Vilagarcía de Arousa en data 29.09.2016, publicada no B.O.P de Pontevedra nº 200, de data 19.10.2016.*

III- Consideracións legais e técnicas.

1.- *A competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao Alcalde-Presidente, consonte o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.*

2.- *No recurso interposto por D. Carlos Manzano Rey, actuando en nome e representación de HELA GALICIA, S.L, apréciase a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa da parte recorrente, así como as súa interposición no tempo e na forma que corresponde, respectivamente.*

Non obstante, debe sinalarse que non consta acreditada a representación do citado Sr. Manzano Saba respecto da mercantil HELA GALICIA, S.L, se ben dado que no expediente de actividade consta acreditada a representación, incorporase ao expediente copia de escritura de constitución da mercantil HELA GALICIA, S.L na que figura o Sr. Manzano Sabas como Administrador solidario, e en aras, a unha maior seguridade xurídica procedese ao análise dos motivos de fondo indicados no recurso de reposición presentado.

3.- *En relación co recurso de reposición presentado, e os motivos de fondo indicados no mesmo, debe sinalarse:*

Indica o escrito do recorrente presentado en data 26.05.2017: “Que la ordenanza regulador de actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras de Vilagarcía de Arousa en su artículo nº 3 establece:

“Definicións:

Terraza: é toda instalación que implique un uso temporal dunha zona de chan de uso público, con destino a aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalería.”

En el caso del local SMOOY, queda claro que está relacionado con la hostelería ya que es un local que se dedica a la venta de helados, bebidas y refrescos al por menor.”

Ao respecto indica o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 17.07.2017 “o artigo 3 citado parcialmente no recurso, define terraza como toda instalación que implique un uso temporal dunha zona de chan de uso público, con destino a aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalería, mediante a colocación de mesas cadeiras, antucas e outros elementos auxiliares móbiles, como extensión da actividade que se exerce nos establecementos.

Esta última frase que o recorrente omite no seu escrito, é clarificadora dos establecementos ós que vai destinada a ordenanza; son aqueles que tendo xa autorizada unha actividade de atención ao público con mesas e cadeiras no interior do

establecemento solicitan a extensión de tal servizo ao espacio público ó que da fronte. Non se refire por tanto aos establecementos con licenza comercial por máis que os produtos que expedan sexan de alimentación.”

Vista a alegación do recorrente é preciso comezar polo análise da **natureza xurídica da autorización** necesaria para a ocupación da vía pública con "terrazas" ou "veladores" de establecementos de hostalería.

Tal e como preceptúan os artigos 263.2.a) y 264 Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA); artigo 3 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño , aprobatorio do Regulamento de Bens das Corporacións Locais (RBEL) e o artigo 5.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, **son de dominio e uso público municipal**: << os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexa competencia da Entidade Local >>.

Conforme a consolidada xurisprudencia, e ao disposto nos artigos 84 e ss. da referida Lei 33/2003, as rúas e prazas públicas son de uso común e xeral por todos os cidadáns. **Ningún particular pode esixir, como "dereito subxectivo", a ocupación deses espazos de dominio e uso público. O seu aproveitamento é especial por particulares, excluínte do uso xeral, é excepcional, temporal e provisional. Require de autorización ou concesión administrativa, que se outorgará discrecionalmente. Na expedición destas autorizacións atenderase a criterios de compatibilidade entre o uso público común e o especial, prevalecendo en caso de conflito o uso público común do espazo aberto por razóns de interese xeral (STS 20/05/1998, rec. 5985/1992, entre outras moitas).**

De xeito que a potestade municipal para outorgar ou modificar este tipo de autorizacións é discrecional. En concordancia co indicado pola xurisprudencia, o artigo 4 da Ordenanza reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras indica “A autorización de ocupación do espazo de uso público é un acto discrecional polo que o empresario non ostenta un dereito preexistente para a súa obtención ou renovación. O simple cumprimento dos requisitos citados nesta ordenanza non outorgan dereito algún sobre a utilización dos espazos de uso público.”

É evidente que no presente caso non existe cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza, e así o indica o propio Arquitecto Municipal no seu informe de data 17.07.2017, ao indicar que a licenza que posúe o establecemento é comercial e non de hostalería, requisito imprescindible para poder solicitar a ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, e así o indica a ordenanza nos artigos 1, 3 e 5 entres outros ao indicar a excepcionalidade de ocupar os espazos de uso público para uso vinculado aos establecementos de hostalería.

Sinala o recorrente que a actividade desenvolta por HELA GALICIA, S., no local SMOOY adícase a venta de xeados, bebidas e refrescos, polo que está relacionado coa hostalería, pero o certo é que a licenza que ostenta non é de hostalería, senón de comercio miúdo de xeados, esto é, o uso solicitado e admitido por licenza é o comercial é non o de hostalería.

4.- Indicase, asimesmo, que a Ordenanza non enumera de forma taxada actividades propias da hostalería, polo que poderíase facer unha interpretación menos restritiva. Indica que se está realizando unha interpretación arbitraria, sin sustento legal ou xurisprudencial e limitativa de dereitos.

Invoca, asimesmo, o recorrente unha serie de sentenzas da xurisprudencia menor, en defensa dos dereitos dos propietarios, así unha serie de ordenanzas de distintos municipios nas que expresamente se consideran establecementos de restauración as xeaderías.

Como primeira cuestión debe sinalarse que as sentenzas invocadas non son de aplicación, por canto veñen referidas a licenzas urbanísticas de obras, que non é o caso que nos ocupa, xa que a licenza para ocupación de espazos públicos, como indica xurisprudencia do Tribunal Supremo non é de carácter regrado, senón totalmente discrecional.

En canto a interpretación da ordenanza municipal, a disposición adicional primeira da norma indica de xeito expreso “**A interpretación desta ordenanza corresponde ó Concello**”, polo que debe ser o Concello o que realice a interpretación da mesma conforme aos criterios sinalados na mesma, e non conforme a ordenanzas de outros Concellos.

O Arquitecto Municipal en informe de data 17.07.2017 clarexa ao respecto: “Certamente hai moitos negocios neste concello que teñen licenza para venda de produtos de alimentación tanto empaquetados como de produción propia; tal é o caso das panaderías, pastelerías, tendas de doces e golosinas e por suposto as propias xeaderías e pizzerías, etc. Deste tipos de negocios hainos que teñen unha licenza comercial – e dicir meramente expendedora de produtos- e outras teñen licenza de establecemento sociocultural de pública concurrencia. De feito hai pixxerías, hamburgueserías, opanaderías, pastelerías, etc.,..., que teñen tramitada licenza de cafetería ou restaurante e outras que, comercializando produtos similares, teñen licenza comercial de venta minorista sen consumo no seu interior.

A maior abundamento do tipo de locais ó que vai dirixida debemos sinalar que o artigo 17 da ordenanza, na que se regulan os horarios de instalación, dí textualmente “establécense dúas categorías de establecementos hostaleiros, os establecementos en xeral (bares, cafeterías, restaurantes,...) e os bares especiais (pubs, discotecas...). Aclara por tanto a que establecementos afecta esta ordenanza.”.

A recorrente non ostentaba, nin osteneta dereito subxectivo para poder esixir a ocupación de vía pública, por canto como xa se indicaba anteriormente, e como sinala a xurisprudencia, a ocupación do dominio público é un uso especial que se autoriza discrecionalmente pola Administración municipal, sen que exista arbitrariedade, senón que a Resolución adoptada é totalmente xustificada ao carecer da licenza de hostalería.

Tal e como sinala o Arquitecto municipal no seu informe de data 17.07.2017 a ordenanza no seu artigo 17 establece cales son os establecementos hostaleiros aos que se aplica a ordenanza, e así indica establecementos hostaleiros en xeral (bares, cafeterías e restaurantes) e os denominados bares especiais (pubs, discotecas), polo que é evidente que a ordenanza non prevé a posibilidade de que establecementos que non sexan hostaleiros podan ter autorización para a ocupación de espazos de uso público con mesas e cadeiras.

5.- Sínálase que se teñen abonado as taxas pola terrazas. Neste senso debe indicarse que a propia Ordenanza municipal no seu artigo 8 establece “ **Só se entenderán outorgadas mediante unha resolución expresa. Nin a presentación da solicitude, nin o pagamento das taxas correspondentes habilitan ao interesado para iniciar a ocupación.**”

Polo que a vista do sinalado na propia Ordenanza de ocupación de espazos públicos debe concluírse que o pago das taxas non xerá ningún dereito a favor do solicitante da licenza.

*6.- Solicitase polo interesado a suspensión da resolución de Alcaldía de data 21.04.2017, e de conformidade co sinalado no artigo 117 ao ter transcurrido un mes desde que tivo entrada no Rexistro municipal, órgano competente para resolver o recurso de reposición, tense producido a suspensión polo que se considera que **na Resolución que se adopte deberá proceder ao alzamento da medida cautelar solicitada.***

*A vista do exposto no presente informe considerase que **procede a DESESTIMACIÓN do recurso de reposición interposto contra Resolución de Alcaldía de data 21.04.2017** pola que se acorda denegar licenza para ocupación de espazos públicos con mesas e cadeiras cunha terraza vinculada ao establecemento “SMÖÖY” na Rúa Alcalde Rey Daviña, nº 23-baixo (Expdte. T-18/17) solicitada pola mercantil HELA GALICIA, S.L, en cuxo nome actúa D. Carlos Sabas Manzano, polos motivos expostos no presente informe.”*

Polo exposto, o Consello da Xerencia informa favorablemente a desestimación do Recurso de Reposición interposto por D. Carlos Manzano Sabas, en representación de HELA GALICIA S.L., contra Resolución de alcaldía de data 21/04/2017 pola que se acorda denegar licenza para ocupación de espazos públicos con mesas e cadeiras cunha terraza vinculada ao establecemento “SMÖÖY” na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 23 bx. e o alzamento da medida cautelar de suspensión da execución da Resolución de Alcaldía de data 21/04/2017. (Expte. T-18/17)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.